



NÓS, cidadás e cidadáns galegos, nais e pais, irmás e irmáns, compañeiras e compañeiros sentimentais, fillas e fillos e outros familiares, amigas e amigos dos presos e as presas políticas galegas, **CONSCIENTES** da súa situación de vulnerabilidade, decidimos **CONSTITUÍRNOS** en *Asociación de Familiares e Amig@s d@s Pres@s Polític@s Galeg@s* co nome de ***Que Voltem para a Casa!***

Porque queremos que volvan para as súas casas, para a súa Terra, a carón dos seus seres queridos, persoas de distintas sensibilidades políticas conformamos unha asociación de **carácter estritamente humanitario** que nace coa finalidade de proporcionar **solidariedade e apoio** de todo tipo aos presos e presas políticas galegas e ás súas familias. Que Voltem para a Casa! é unha entidade de **carácter apartidario e plenamente independente** de calquera institución pública e de calquera organización política ou social, e que ten como **únicos motivos fundacionais**:

- Denunciar a situación de **indefensión** na que se atopan os presos e as presas políticas galegas.
- Denunciar a **vulneración sistemática dos seus dereitos** da que son obxecto.
- Denunciar a **excepcionalidade e ilegalidade** do seu tratamento xurídico e penal que viola a lexislación estatal e internacional en materia de dereitos humanos das persoas detidas e presas.
- Esixir o **respecto escrupuloso** de todos e cada un dos seus **dereitos fundamentais**.

Cofecedoras e cofecedores da situación xudicial e penal na que se atopan @s pres@s polític@s galeg@s, afastados da Galiza, e internados a centos de quilómetros do seu lugar de orixe, en nome dos sectores da sociedade galega sensibilizados a respecto desta problemática, **DENUNCIAMOS**:

1. O **emprego sistemático da lexislación antiterrorista nos operativos policiais** contra cidadáns e cidadás galegas, en especial a aplicación do **régime de incomunicación** durante as detencións, xa que esta práctica vulnera dereitos, provoca indefensión e ampara episodios de malos tratos e torturas contra as persoas detidas. Lembramos, así mesmo, que este réxime de incomunicación foi duramente criticado pola Comisión de Dereitos Humanos de Nacións Unidas, O Tribunal de Dereitos Humanos da Unión Europea, o Comité Europeo de Prevención da Tortura e as organizacións non gubernamentais Human Right Watch e Amnistía Internacional.

2. A **utilización desmedida e abusiva da prisión preventiva** contras as persoas detidas na Galiza por causas políticas. Entendemos que esta medida excepcional viola o principio da presunción de inocencia e non ten outra finalidade que a de anticipar a pena ás persoas procesadas e presas por feitos nin probados nin xulgados.

3. O papel de **tribunal de excepción** que a Audiencia Nacional xoga no procesamento das persoas detidas por motivos políticos, dado que **viola o principio constitucional de territorialidade**, é dicir, o dereito ao procesamento por parte dun tribunal radicado no lugar onde sucederan os feitos de que estean acusad@s.

4. A **dispersión penal** d@s pres@s polític@s galeg@s en prisións españolas situadas a centos de quilómetros das súas moradas, o que implica a súa separación da realidade nacional, cultural e socio-afectiva da que proceden. Lembramos que esta medida excepcional que o Estado aplica aos pres@s polític@s galeg@s é contraria á Lei Orgánica Xeral Penal e contradíse coa propia finalidade supostamente de reintegración social que a lexislación penal atribúe á prisión.

5. Consideramos que a dispersión que actualmente se lle aplica aos presos e pres@s polític@s galeg@s ten unha **finalidade estritamente punitiva e de extensión do castigo ás familias e amigos das persoas presas**, as cales asumen un enorme custe económico, emocional, de tempo e de saúde, poñendo en xogo as súas vidas polo risco acrecentado de accidentes na estrada.

6. O **régime penal pechado** ao que están sometidos @s pres@s polític@s galeg@s e a súa cualificación en primeiro grao e FIES. A estes presos e presas aplícaselles esta cualificación de maneira automática, subxectiva, colectiva e indiscriminada e sen razoamento xurídico, o que supón unha aberrante ilegalidade e violación dos seus dereitos fundamentais. Ademais, trátase dun réxime penal inhumano, arbitrario e declarado ilegal polos propios tribunais españois e que ampara a violencia continuada contra as persoas presas.

7. As **condicións de vidas nas prisións e o tratamento arbitrario** de que foron obxecto en máis dunha ocasión e que se manifesta na recepción arbitraria da correspondencia e obxectos, o réxime de illamento e incomunicación, agresións físicas e verbais, humillacións ás familias, maltrato psicolóxico, privacións, desatención sanitaria, alimentación deficiente, mínimas posibilidades de formación e lecer, comunicacións intervidas e limitadas, visitas limitadas e arbitrariedades de todo tipo no réxime de visitas e comunicacións.

Para garantir o respecto integral dos dereitos fundamentais dos presos e as presas políticas galegas, **ESIXIMOS:**

1. A **derrogación da lexislación antiterrorista** que provoca o desamparo xudicial e a indefensión das persoas detidas.
2. A posta en marcha de todos aqueles **mecanismos xurisdicionais e protocolos que garantan a integridade física e psicolóxica** das persoas durante as detencións.
3. A **derrogación da xurisdición excepcional da Audiencia Nacional** e o xuízo das persoas procesadas por un tribunal territorial ordinario.
4. A **desactivación da lexislación de excepción** impropia dun Estado democrático, co fin de evitar o uso sistemático da prisión preventiva, do 1º grao penal, máis do réxime FIES.
5. O **traslado** dos presos e presas políticas galegas **a un centro penal situado na Galiza**, rematando deste xeito coa medida ilegal da dispersión e evitando o seu desarraigo social e cultural.
6. Unhas **condicións de vida dignas e humanitarias** dentro das prisións.

Por todo isto, desde a Asociación Que voltem para a casa! EMPLAZAMOS á sociedade galega en xeral, ás súas institucións públicas, aos seus e ás súas representantes electas e ás diferentes organizacións políticas, sociais, culturais, sindicais, humanitarias, profesionais, etc. a **pronunciarse de maneira clara e inequívoca en contra da política penal** aplicada aos presos e ás presas polític@s galeg@s e a **reclamar o fin da dispersión e o respecto dos dereitos humanos** dos que son suxeitos estas e estes cidadáns galegos.

Para concluír, **FACEMOS UN CHAMAMENTO** a todo o pobo galego a **incrementar as mostras de solidariedade** coas persoas presas e as súas familias, apoiar todas aquelas iniciativas orientadas a mellorar as súas condicións de vida, esixir a fin da política de dispersión e reclamar o respecto escrupuloso de todos e cada un dos seus dereitos fundamentais.

ENTRE TODOS E ENTRE TODAS ÍMOLO CONSEGUIR: QUE VOLTEM PARA A CASA!

Na Galiza, 20 de xullo de 2013